



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@concellodepadron.es
www.concellodepadron.es
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 17 DE DECEMBRO DE 2015

Alcalde-Presidente:

Don Antonio Fernández Angueira.

Concelleiras e concelleiros presentes:

Don Andrés Sanmarco Santos.

Dona Lorena Couso Dopazo.

Concelleiras e concelleiros ausentes:

Don José Ramón Pardo Andrade.

Secretaria:

Dona Ana María Ares Álvarez.

Interventora:

Dona Araixa Varela Bermúdez.

Na Alcaldía da Casa Consistorial de Padrón, sendo as dez horas do día dezasete de decembro de dous mil quince, baixo a Presidencia do señor Alcalde don Antonio Fernández Angueira reúnen-se as señoras Concelleiras e os señores Concelleiros relacionados na cabeceira, todas e todos membros da Xunta de Goberno Local, co fin de celebrar a sesión ordinaria deste órgano en primeira convocatoria, asistidos da Secretaria da Corporación dona Ana María Ares Álvarez, de acordo coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 3 DE DECEMBRO DE 2015.

Remitido ás señoras Concelleiras e aos señores Concelleiros o texto da acta da sesión ordinaria realizada o tres de decembro de dous mil quince por esta Xunta de Goberno Local, e non formulándose ningunha observación á mesma, esta resulta aprobada por unanimidade das e dos presentes.

2.- REVOCACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE ACEPTAR A TITULARIDADE DA ESTRADA AC-299 DESDE O PUNTO QUILOMÉTRICO 0+000 AO 2+160.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 15 de decembro de 2015:

<<Antecedentes administrativos.

Primeiro. A Xunta de Goberno Local, na sesión realizada o 22 de outubro de 2015, acordou aceptar a prol do Concello de Padrón o cambio de titularidade da estrada autonómica AC-299 desde o punto quilométrico 0+000 ao punto quilométrico 2+160 e, en consecuencia, asinar a correspondente Acta de Entrega.

Á data actual non foi asinada a Acta de Entrega.

Segundo. Na sesión extraordinaria realizada polo Pleno da Corporación Municipal o 9 de decembro de 2015, convocada a instancia de 5 grupos políticos municipais, estes solicitaron ao señor Alcalde a non aceptación da cesión da estrada autonómica dados os custos de mantemento que conlevará e as melloras que precisa o vial, as cales non están previstas no Convenio de colaboración a asinar coa Axencia Galega de Infraestruturas para o seu acondicionamento.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. O 12 de xullo de 2013 publicouse no DOG a Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, a cal entrou en vigor o 12 de setembro de 2013. Segundo a disposición transitoria primeira desta "Os procedementos administrativos iniciados con anterioridade á entrada en vigor desta lei rexeranse polo disposto na normativa anterior".

Visto que o procedemento de cambio de titularidade dun treito da estrada AC-299 iniciouse no 2012 e foi aprobado por Decreto 36/2013, do 14 de febreiro, da Xunta de Galicia, é polo que debe enterderse aplicable a normativa vixente nese momento, é dicir, a Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia.

Segundo. O artigo 5 da Lei 4/1994 establece que "Os cambios de titularidade de estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades locais deberán ser aprobados por decreto da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións afectadas".

Terceiro. Considerando que o artigo 105.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, establece que "Las Administraciones públicas podrán revocar en cualquier momento sus actos de gravamen o desfavorables, siempre que tal revocación no constituya dispensa o exención no permitida por las leyes, o sea contraria al principio de igualdad, al interés público o al ordenamiento jurídico" e tendo en conta os argumentos esgrimidos polos grupos políticos municipais na sesión plenaria do 9 de decembro de 2015, a saber:

- que si o Concello asume a titularidade da estrada autonómica deberá asumir os gastos de mantemento da mesma co prexuízo que isto pode supoñer para as arcas municipais e
- que a estrada precisaría dunha serie de melloras que non están comprendidas no Convenio de colaboración a asinar coa Axencia Galega de Infraestruturas para o seu acondicionamento, como pode ser a falta de beirarrúas en determinados tramos ou o alumbrado público deficiente.

É polo que se entende conveniente para o interese público non aceptar esta cesión.

Cuarto. Considerando que disposición adicional segunda do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido la Lei de contratos do sector público (TRLCSP), atribúe ao Alcalde a competencia para a adquisición de bens inmobles cuxo valor non supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento, e que segundo o informe da Interventora Municipal do 9 de febreiro de 2015, o 10% dos recursos ordinarios do orzamento vixente ascende a 580.715,99 €.

Quinto. Considerando que segundo o informe emitido en febreiro de 2013 polo exefeñeiro de camiños, canles e portos don Pablo Blanco Ferreiro, o valor patrimonial da estrada obxecto da aceptación ascende a 412.512,00 €, polo que non supera a porcentaxe citada anteriormente.

Sexto. Considerando que no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal, publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27 do 3 de febreiro de 1998, delégase na Xunta de Goberno Local esta competencia do alcalde (artigo 61.1.s. LAGL),

Propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro. Revocar o acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado no punto 39 da orde do día da sesión



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@concellodepadron.es

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

realizada o 22 de outubro de 2015, consistente en aceptar a prol do Concello de Padrón o cambio de titularidade da estrada autonómica AC-299 desde o punto quilométrico 0+000 ao punto quilométrico 2+160, e en consecuencia non asinar a Acta de Entrega, todo elo polos motivos expostos no fundamento de dereito terceiro.

Segundo. Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o señor Alcalde, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Terceiro. Comunicar o presente acordo á Axencia Galega de Infraestruturas e dar traslado do mesmo á Intervención Municipal.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

Primeiro. Revocar o acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado no punto 39 da orde do día da sesión realizada o 22 de outubro de 2015, consistente en aceptar a prol do Concello de Padrón o cambio de titularidade da estrada autonómica AC-299 desde o punto quilométrico 0+000 ao punto quilométrico 2+160, e en consecuencia non asinar a Acta de Entrega, todo elo polos motivos expostos no fundamento de dereito terceiro.

Segundo. Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o señor Alcalde, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Terceiro. Comunicar o presente acordo á Axencia Galega de Infraestruturas e dar traslado do mesmo á Intervención Municipal.

3.- REVOCACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE APROBAR O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE PADRÓN PARA O ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA AC-299 PADRÓN (AC-307) – PADRÓN (AC-301) ENTRE OS PUNTOS QUILOMÉTRICOS 0+000 E 2+130.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 15 de novembro de 2015:

<<**Antecedentes administrativos.**

Primeiro. A Xunta de Goberno Local, na sesión realizada o 22 de outubro de 2015, acordou aprobar o Convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Padrón para o acondicionamento da estrada AC-299 Padrón (AC-307) – Padrón (AC-301) entre os puntos quilométricos 0+000 e 2+130, segundo o texto que tivo entrada no rexistro municipal o 9 de outubro de 2015 e que se incorporou como Anexo a ese acordo.

Segundo a cláusula terceira do devandito convenio, a sinatura do mesmo supón a obriga para o Concello de asinar a correspondente acta que formaliza a entrega da estrada autonómica.

Segundo. Na sesión extraordinaria realizada polo Pleno da Corporación Municipal o 9 de decembro de 2015, convocada a instancia de 5 grupos políticos municipais, estes solicitaron ao señor Alcalde a non aceptación da cesión da estrada autonómica dados os custos de mantemento que conlevará e as melloras que precisa o vía, as cales non están previstas no Convenio de colaboración a asinar coa Axencia Galega

de Infraestruturas para o seu acondicionamento.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. Considerando que o artigo 105.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, establece que "*Las Administraciones públicas podrán revocar en cualquier momento sus actos de gravamen o desfavorables, siempre que tal revocación no constituya dispensa o exención no permitida por las leyes, o sea contraria al principio de igualdad, al interés público o al ordenamiento jurídico*" e tendo en conta os argumentos esgrimidos polos grupos políticos municipais na sesión plenaria do 9 de decembro de 2015, a saber:

- que si o Concello asume a titularidade da estrada autonómica deberá asumir os gastos de mantemento da mesma co prexuízo que esto pode supoñer para as arcas municipais e
- que a estrada precisaría dunha serie de melloras que non están comprendidas no Convenio de colaboración a asinar coa Axencia Galega de Infraestruturas para o seu acondicionamento, como pode ser a falta de beirarrúas en determinados tramos ou o alumbrado público deficiente.

É polo que se entende conveniente para o interese público non aceptar esta cesión.

Segundo. Considerando os compromisos que o Concello asume en virtude do Convenio de colaboración e considerando as competencias atribuídas ao Alcalde na disposición adicional segunda do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido la Lei de contratos do sector público (TRLCSP), delegadas na Xunta de Goberno Local no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal, publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27 do 3 de febreiro de 1998,

Propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro. Revocar o acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado no punto 40 da orde do día da sesión realizada o 22 de outubro de 2015, consistente en aprobar o Convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Padrón para o acondicionamento da estrada AC-299 Padrón (AC-307) – Padrón (AC-301) entre os puntos quilométricos 0+000 e 2+130, polos motivos expostos no fundamento de dereito primeiro.


Segundo. Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o señor Alcalde, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Terceiro. Comunicar o presente acordo á Axencia Galega de Infraestruturas e dar traslado do mesmo á Intervención Municipal.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

Primeiro. Revocar o acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado no punto 40 da orde do día da sesión realizada o 22 de outubro de 2015, consistente en aprobar o Convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Padrón para o acondicionamento da estrada AC-299 Padrón (AC-307) – Padrón (AC-301) entre os puntos quilométricos 0+000 e 2+130, polos motivos expostos no fundamento de dereito primeiro.

Segundo. Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o señor Alcalde, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@concellodepadron.es
www.concellodepadron.es
Tf: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Terceiro. Comunicar o presente acordo á Axencia Galega de Infraestruturas e dar traslado do mesmo á Intervención Municipal.

4.- APROBACIÓN DAS DATAS DE CELEBRACIÓN DA FESTA DA PASCUA 2016.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 15 de decembro de 2015:

<<Antecedentes administrativos.

Primeiro. Por acordo da Xunta de Goberno Local do 14 de xaneiro do 2013 convocouse o procedemento de licitación das autorizacións para o uso temporal do dominio público municipal para a instalación de atraccións feirais no Concello de Padrón con motivo das festas da Pascua 2013, 2014, 2015 e 2016 e aprobouse o prego de condicións que rexeu esta licitación. Por Resolución do Alcalde 34/2013, do 25 de febreiro, correxíronse os erros detectados no prego de condicións.

Segundo. Segundo o establecido na condición 14 para os exercicios 2014, 2015 e 2016 o ingreso do prezo de adxudicación ou, o que é o mesmo, da taxa correspondente á/s parcela/s adxudicada/s, debe abonarse no prazo de 10 días naturais contados desde a publicación do acordo da Xunta de Goberno Local no que se fixen as datas concretas de celebración dos festexos.

Terceiro. Por Resolución do Alcalde 130/2014, do 25 de febreiro, convocouse outro procedemento para a adxudicación das autorizacións das parcelas que quedaron desertas no procedemento anterior ou que foron declaradas extinguidas por falta de pagamento da taxa ou nas que os seus titulares renunciaron expresamente, para as Festas da Pascua 2014, 2015 e 2016.

Cuarto. Por acordo da Xunta de Goberno Local do 12 de febreiro de 2015 convocouse outro procedemento para a adxudicación das autorizacións das parcelas que quedaron desertas no procedemento anterior ou que foron delcaradas extinguidas por falta de pagamento da taxa ou nas que os seus titulares renunciaron expresamente, para as Festas da Pascua 2015 e 2016.

Quinto. Igualmente na condición 14 destes dous últimos procedementos establécese que para os exercicios 2016 o ingreso da taxa deberá realizarse no prazo de 10 días naturais contados desde a publicación do acordo da Xunta de Goberno Local no que se fixen as datas concretas de celebración dos festexos.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. A condición 14 do prego que rexe as autorizacións outorgadas para o uso temporal do dominio público municipal para a instalación de atraccións feirais no Concello de Padrón con motivo das festas da Pascua 2013, 2014, 2015 e 2016 establece que:

"O prezo de adxudicación/ taxa correspondente á parcela/s adxudicada/s ingresarase na conta bancaria que sinala o Concello no acordo de adxudicación debendo indicarse ao efectuar o ingreso o nome, DNI ou NIF do adxudicatario, zona e parcela adxudicada e debendo constar expresamente "adxudicación Pascua/ano".

Dito ingreso deberá realizarse no prazo máximo de 10 días naturais contados desde a publicación da adxudicación en relación á Pascua 2013 e sempre antes da colocación-instalación da actividade.

Para o resto dos exercicios (2014-2016) o ingreso deberá realizarse no prazo de 10 días naturais contados desde a publicación do acordo da Xunta de Goberno Local no que se fixen as datas concretas de celebración dos festexos.

No suposto de que o licitador-adxudicatario non cumprimentase este pagamento no prazo sinalado

declararase extinguida a autorización e procederase á adxudicación ao licitador coa seguinte oferta máis ventaxosa economicamente de acordo á listaxe realizada pola Mesa de Licitación."

Segundo. No mesmo sentido maniféstase a condición 14 do prego que rexe as autorizacións outorgadas por acordo da Xunta de Goberno Local do 1 de abril do 2014 e por Resolución 245/2015, do 19 de marzo.

Propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro. Aprobar as seguintes datas de celebración da festa da Pascua 2016:

- Inicio da montaxe das instalacións: o 13 de marzo de 2016 a partir das 19:00 horas unha vez recollido o mercado dominical e realizada a limpeza do mesmo.
- Inicio das festas e da posta en funcionamento das actividades: o 20 de marzo de 2016.
- Remate das festas e do funcionamento das actividades: o 3 de abril de 2016.
- Data máxima para a desmontaxe das instalacións: o 8 de abril de 2016 ás 00:00 horas.

Segundo. As persoas titulares das autorizacións concedidas por acordos da Xunta de Goberno Local do 14 de marzo do 2013 e do 1 de abril do 2014 e por Resolución 245/2015, do 19 de marzo, que estén en vigor, deberán proceder ao pagamento do prezo de adxudicación da parcela ou parcelas, correspondente ao exercicio 2016, no prazo máximo de 10 días naturais contados desde a publicación deste acordo no BOP, formalizando o ingreso na conta bancaria que se identifica a continuación e facendo constar no mesmo os seguintes datos:

→ Conta bancaria:

Entidade	IBAN
Banco Sabadell Gallego	ES8200812281950001000309

→ Concepto: "Adxudicación Pascua-2016".

→ Nome e apelidos ou razón social.

→ DNI, NIE ou CIF.

→ Zona e número de cada unha das parcelas adxudicadas.

No suposto de que a persoa adxudicataria non cumprimentase este pagamento no prazo sinalado, declararase extinguida a autorización, o que poderá conlevar a súa inhabilitación para ser adxudicatario dun posto nestas festas durante os próximos catro anos, a orde de levantamento ou desmontaxe do posto e a esixencia de calquera outra responsabilidade na que incorrese.

Terceiro. Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, na páxina web (www.concellodepadron.es) e no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra o cal poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Cuarto. Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais de Intervención e Tesourería.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

Primeiro. Aprobar as seguintes datas de celebración da festa da Pascua 2016:



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@concellodepadron.es

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

- Inicio da montaxe das instalacións: o 13 de marzo de 2016 a partir das 19:00 horas unha vez recollido o mercado dominical e realizada a limpeza do mesmo.
- Inicio das festas e da posta en funcionamento das actividades: o 20 de marzo de 2016.
- Remate das festas e do funcionamento das actividades: o 3 de abril de 2016.
- Data máxima para a desmontaxe das instalacións: o 8 de abril de 2016 ás 00:00 horas.

Segundo. As persoas titulares das autorizacións concedidas por acordos da Xunta de Goberno Local do 14 de marzo do 2013 e do 1 abril do 2014 e por por Resolución 245/2015, do 19 de marzo, que estén en vigor, deberán proceder ao pagamento do prezo de adxudicación da parcela ou parcelas, correspondente ao exercizo 2016, no prazo máximo de 10 días naturais contados desde a publicación deste acordo no BOP, formalizando o ingreso na conta bancaria que se identifica a continuación e facendo constar no mesmo os seguintes datos:

→ Conta bancaria:

Entidade	IBAN
Banco Sabadell Gallego	ES8200812281950001000309

→ Concepto: "Adxudicación Pascua-2016".

→ Nome e apelidos ou razón social.

→ DNI, NIE ou CIF.

→ Zona e número de cada unha das parcelas adxudicadas.

No suposto de que a persoa adxudicataria non cumprimentase este pagamento no prazo sinalado, declararase extinguida a autorización, o que poderá conlevar a súa inhabilitación para ser adxudicatario dun posto nestas festas durante os próximos catro anos, a orde de levantamento ou desmontaxe do posto e a esixencia de calquera outra responsabilidade na que incorrese.

Terceiro. Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, na páxina web (www.concellodepadron.es) e no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra o cal poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Cuarto. Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais de Intervención e Tesourería.

5.- SOLICITUDE DE LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS PARA AMPLIACIÓN DE REDE DE DISTRIBUCIÓN DE GAS NATURAL NO LUGAR DE PONTE ALDEA 85-79, FORMULADA POR GAS GALICIA SDG, S.A., EXPEDIENTE 214/2014.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 15 de decembro de 2015:

<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS.

Primeiro. En data 28 de novembro de 2014 ten entrada no Concello, con número de rexistro 9391, solicitude de licenza municipal de obras de ampliación de rede de distribución natural de gas natural no Lugar de Ponte Aldea 85-79, formulada por D. Andrés Montero Dopico en representación de GAS GALICIA

SDG, S.A.. Achégase coa solicitude orzamento e plano da intervención.

Segundo. En data 5 de xaneiro de 2015 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús informa desfavorablemente as obras solicitadas.

Terceiro. En data 8 de xaneiro de 2015 emítese requirimento ao interesado de documentación adicional necesaria para a tramitación do expediente.

Cuarto. En data 4 de febreiro de 2015 o solicitante achega escrito referenciando o proxecto técnico que inclúe a intervención solicitada.

Quinto. En data 19 de marzo de 2015 o solicitante achega "Proyecto de ampliación de red de gas natural en el municipio de Padrón (A Coruña), Lg Punte Aldea del 85 al 79" redactado e asinado polo enxeñeiro industrial D. José Luis Sousa Gómez.

Sexto. En data 24 de abril de 2015 emítese requirimento ao interesado de aval por importe de 2.906,40 euros para responder pola afectación a servizos de carácter público.

Sétimo. En data 12 de maio de 2015 o solicitante achega proxecto técnico visado.

Oitavo. En data 4 de xuño de 2015 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús informa favorablemente as obras solicitadas referindo a necesidade de tramitar o expediente perante o Servizo de Protección e Fomento, Subdirección Xeral de Protección do Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Noveno. En data 5 de xuño de 2015 remítese o expediente á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Décimo. En data 10 de agosto de 2015 ten entrada no Concello escrito do solicitante achegando oficios de dirección de obra e nomeamento de coordinador de seguridade e saúde.

Décimo primeiro. En data 7 de decembro de 2015 ten entrada no Concello informe sobre intervención no Camiño de Santiago da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 25 de novembro de 2015, favorable ás obras solicitadas.

Décimo segundo. En data 15 de decembro de 2015 achégase polo solicitante novo oficio de dirección de obra corrixido e referenciado ao proxecto técnico obrante no expediente.

Décimo terceiro. En data 15 de decembro de 2015 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa favorablemente as obras solicitadas.

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro. Artigo 194.2 apartado b) da LOUG en canto ao sometemento da intervención ao réxime de licenza municipal previa, e artigo 195.3 da LOUG en canto á consideración da obra coma maior

Segundo. Ordenanza de SOLO URBANO RESIDENCIAL DE VIVENDA FAMILIAR EN EDIFICACIÓN INTENSIVA (URFI), en canto aos usos autorizables e condicionantes urbanísticos.

Terceiro. Disposición transitoria primeira da LOUG en canto á aplicabilidade ao solo calificado coma urbano dos municipios con planeamento non adaptado do disposto na LOUG para o solo urbano consolidado, sen prexuízo da aplicación do planeamento vixente.

Cuarto. Informe sobre intervención no Camiño de Santiago da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 25 de novembro de 2015, favorable ás obras solicitadas. que se asume coma motivación da presente resolución.

Sexto. En base ao disposto nos informes do arquitecto técnico municipal de data 4 de xuño de 2015 e o do



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@concellodepadrón.es

www.concellodepadrón.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Asesor Xurídico en Materia de Urbanismo do 15 de decembro de 2015, e os argumentos nestes recollidos que son asumidos por esta resolución como motivación, en base ao artigo 89.5. da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réximen xurídico e do procedemento administrativo común (LRXPAC).

Sétimo. Considerando que é competencia da Xunta de Goberno Local a concesión de licenzas de obras tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Primeiro. Outorgar a GAS GALICIA S.D.G., S.A. licenza municipal de obras para ampliación rede de abastecemento de gas natural existente no lugar de Ponte Aldea 85-79, expediente obras 214/2014, conforme o "Proyecto de ampliación de red de gas natural en el municipio de Padrón (A Coruña), Lg Puente Aldea del 85 al 79" redactado e asinado polo enxeñeiro industrial D. José Luis Sousa Gómez e visado en data 8 de maio de 2015.

- a) Previo ao inicio das obras procederase á comprobación das aliñacións e trazado da obra polos Servizos Técnicos do Concello polo que o promotor queda obrigado a poñer en coñecemento dos Servizos Técnicos por escrito o día e hora (que deberá coincidir co horario das oficinas municipais) para proceder ao replanteo da obra na súa presenza.
- b) Deberá cumprir coas esixencias que se derivan do Decreto 174/2005, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia, da Lei 10/1997, de residuos sólidos urbanos e do Decreto 105/2008, do 1 de febreiro.

As obras deberán estar convenientemente sinalizadas para non implicar perigo para os usuarios da rúa e garantir o axeitado tránsito peonil. En todo momento en torno á xestión dos residuos, a incidencia nos cruces de vías ou calquera outra circunstancia, a dirección de obra deberá poñer en coñecemento do Concello calquera circunstancia relevante que se poidan derivar da execución das obras, deberá poñer en coñecemento da policía local para a verificación por parte deste servizo de que se adoitan as medidas axeitadas a este respecto.

Segundo. En base ó establecido no artigo 17.1 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDUG), fanse constar os seguintes datos da licenza concedida:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: SOLO URBANO RESIDENCIAL DE VIVENDA FAMILIAR EN EDIFICACIÓN INTENSIVA (URFI)
- b) Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: ampliación de rede de distribución de gas natural
- c) Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos: os existentes.
- d) Contía na que se orzan as obras: 8.304,00 euros. (sen IVE)
- e) Situación e emprazamento das obras: Lugar de Ponte Aldea 85-79
- f) Nome ou razón social do promotor: GAS GALICIA S.D.G., S.A.
- g) Técnico autor do proxecto: José Luis Sousa López.
- h) Técnico director das obras: Luis Ángel Martínez Souto.
- i) Prazos para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo de tres (3) meses dende a data de notificación do acto que outorgue a licenza e concluírse no prazo de seis (6) meses contados dende a data de inicio das obras. Os efectos de caducidade das licenzas estarase ao

disposto polo artigo 197 da lei 9/2002, de 30 de decembro.

Terceiro. A licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Cuarto. No caso de que a intervención precise da ubicación de andamiaxes, guindastres, depósitos de materiais ou acopios, ou calquera outra instalación, ocupación ou actividade que impliquen ocupación da vía pública e entorpeza ou dificulte a circulación de vehículos ou persoas, deberá solicitar a correspondente autorización nas oficinas deste Concello, de conformidade co disposto na ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 267, de 19 de novembro de 2004.

Quinto. Dar traslado do acordo adoptado ao técnico municipal en xestión económica aos efectos de que se liquiden os tributos que resulten de aplicación.

Sexto. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais.

Sétimo. Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

Primeiro. Outorgar a GAS GALICIA S.D.G., S.A. licenza municipal de obras para ampliación rede de abastecemento de gas natural existente no lugar de Ponte Aldea 85-79, expediente obras 214/2014, conforme o "Proyecto de ampliación de red de gas natural en el municipio de Padrón (A Coruña), Lg Puente Aldea del 85 al 79" redactado e asinado polo enxeñeiro industrial D. José Luis Sousa Gómez e visado en data 8 de maio de 2015.

- c) Previo ao inicio das obras procederáse á comprobación das aliñacións e trazado da obra polos Servizos Técnicos do Concello polo que o promotor queda obrigado a poñer en coñecemento dos Servizos Técnicos por escrito o día e hora (que deberá coincidir co horario das oficinas municipais) para proceder ao replanteo da obra na súa presenza.
- d) Deberá cumprir coas esixencias que se derivan do Decreto 174/2005, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia, da Lei 10/1997, de residuos sólidos urbanos e do Decreto 105/2008, do 1 de febreiro.

As obras deberán estar convenientemente sinalizadas para non implicar perigo para os usuarios da rúa e garantir o axeitado tránsito peonil. En todo momento en torno á xestión dos residuos, a incidencia nos cruces de vías ou calquera outra circunstancia, a dirección de obra deberá poñer en coñecemento do Concello calquera circunstancia relevante no desenrolo das mesmas. Asimesmo, de cara aos cortes ou restricións de tráfico rodado ou peonil que se poidan derivar da execución das obras, deberáse poñer en coñecemento da policía local para a verificación por parte deste servizo de que se adoitan as medidas axeitadas a este respecto.

Segundo. En base ó establecido no artigo 17.1 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDUG), fanse constar os seguintes datos da licenza concedida:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: SOLO URBANO RESIDENCIAL DE VIVENDA FAMILIAR EN EDIFICACIÓN INTENSIVA (URFI)
- b) Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: ampliación de rede de distribución de gas natural



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@concellodepadron.es

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

- c) Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos: os existentes.
- d) Contía na que se orzan as obras: 8.304,00 euros. (sen IVE)
- e) Situación e emprazamento das obras: Lugar de Ponte Aldea 85-79
- f) Nome ou razón social do promotor: GAS GALICIA S.D.G., S.A.
- g) Técnico autor do proxecto: José Luis Sousa López.
- h) Técnico director das obras: Luis Ángel Martínez Souto.
- i) Prazos para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo de tres (3) meses dende a data de notificación do acto que outorgue a licenza e concluírse no prazo de seis (6) meses contados dende a data de inicio das obras. Ós efectos de caducidade das licenzas estarase ao disposto polo artigo 197 da lei 9/2002, de 30 de decembro.

Terceiro. A licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Cuarto. No caso de que a intervención precise da ubicación de andamiaxes, guindastres, depósitos de materiais ou acopios, ou calquera outra instalación, ocupación ou actividade que impliquen ocupación da vía pública e entorpeza ou dificulte a circulación de vehículos ou persoas, deberá solicitar a correspondente autorización nas oficinas deste Concello, de conformidade co disposto na ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 267, de 19 de novembro de 2004.

Quinto. Dar traslado do acordo adoitado ao técnico municipal en xestión económica aos efectos de que se liquiden os tributos que resulten de aplicación.

Sexto. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais.

Sétimo. Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

6.- SOLICITUDE DE LICENZA DEFINITIVA DE ACTIVIDADE DE RESTAURANTE SITO NO LUGAR DE BELINA-CRUCES, FORMULADA POR D. JOSÉ MANUEL ALFONSÍN GEY, EXPEDIENTE 25/2007.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 15 de novembro de 2015:

<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS:

Primeiro. En data 26 de febreiro de 2008 a Xunta de Goberno Local do Concello de Padrón acorda o outorgamento de licenza provisional de apertura de restaurante no Lugar de Belina-Cruces, solicitada por D. José Manuel Alfonsín Gey, advertindo de que non pode exercer a actividade mentres non se conceda a licenza definitiva.

Segundo. En data 31 de marzo de 2015 ten entrada no Concello, con número de rexistro 2586, formulario de solicitude xeral formulada por D. José Manuel Alfonsín Gey na que solicita o outorgamento da licenza definitiva de actividade.

Terceiro. En data 25 de setembro de 2015 o soicitante achega documentación adicional para adxuntar á solicitude inicial.

Cuarto. En data 6 de novembro de 2015 o solicitante achega informe redactado polo arquitecto técnico D. José Rey Rodríguez sobre cumprimento do DB-SI do local.

Quinto. En data 2 de decembro de 2015 o solicitante achega informe de medición acústica do local.

Sexto. En data 14 de decembro de 2015 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Balaña de Jesús informa favorablemente a concesión da licenza definitiva de actividade.

Sétimo. En data 14 de decembro de 2015 o asesor xurídico en materia de urbanismo informa a solicitude.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Primeiro. En base ao disposto nos informes do arquitecto técnico municipal do e o do Asesor Xurídico en Materia de Urbanismo do 14 de decembro de 2015, e os argumentos nestes recollidos que son asumidos por esta resolución como motivación, en base ao artigo 89.5. da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réximen xurídico e do procedemento administrativo común (LRXPAC).

Segundo. Tendo en conta o contido do dictame de incidencia ambiental de data 8 de febreiro de 2008, así coma o acordo da Xunta de Goberno local de data 26 de febreiro de 2008, que outorga licenza provisional de apertura ao local,

Terceiro. Considerando que é competencia da Xunta de Goberno Local a concesión de licenzas urbanísticas tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Primeiro. Outorgar a D. José Alfonsín Gey licenza definitiva de actividade de restaurante sito no Lugar de Belina, Cruces, conforme o proxecto de actividade para restaurante redactado e asinado polo arquitecto D. Alfonso Lage Pérez visado polo COAG en data 23 de xullo de 2007.

Determinase un aforo máximo ao local de 153 persoas incluíndo persoal, segundo se determina polo informe técnico de cumprimento de DB-SI, distribuídos por zonas coma segue:

- Cafetería: 57
- Comedor: 53
- Cociña: 3

Terceiro. A Licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Cuarto. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos municipais.

Quinto. Expídase a correspondente cartulina acreditativa da licenza a nome do solicitante.

Sexto. Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

Primeiro. Outorgar a D. José Alfonsín Gey licenza definitiva de actividade de restaurante sito no Lugar de Belina, Cruces, conforme o proxecto de actividade para restaurante redactado e asinado polo arquitecto D.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@concellodepadron.es

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Alfonso Lage Pérez visado polo COAG en data 23 de xullo de 2007.

Determinase un aforo máximo ao local de 153 persoas incluíndo persoal, segundo se determina polo informe técnico de cumprimento de DB-SI, distribuídos por zonas coma segue:

- Cafetería: 57
- Comedor: 53
- Cocíña: 3

Terceiro. A Licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Cuarto. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos municipais.

Quinto. Expídase a correspondente cartulina acreditativa da licenza a nome do solicitante.

Sexto. Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

7.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS DE COLOCACIÓN DE TELLA EN CUBERTA E COLOCACIÓN DE PRANCHAS DE FIBROCEMENTO E TELLA SOBRE ESTRUTURA DE SOPORTAL EXISTENTE EN VIVENDA SITA NO LUGAR DE PEDROSO SUR, CRUCES, FORMULADA POR D. JESÚS FORJÁN CORTIÑAS, EXPEDIENTE 200/2015/CP.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 15 de decembro de 2015:

<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS.

Primeiro. En data 27 de novembro de 2015 ten entrada no Concello, con número de rexistro 10159, solicitude de licenza municipal de obras para colocación de tella sobre cuberta e colocación de pranchas de fibrocemento e tella sobre estrutura de soportal existente en vivenda sita no lugar de Pedroso Sur, con referencia catastral 15066A025000580000ZT, formulada por D. Jesús Forján Cortiñas. Achégase coa solicitude orzamento, datos e cartografía catastral, fotografías do inmovible e breve memoria da intervención.

Segundo. En data 3 de decembro de 2015 ten entrada no Concello, con número de rexistro 10453, formulario de comunicación previa para a realización de obras e usos do solo e subsolo non suxeitos a licenza municipal para as obras solicitadas, formulada por D. Jesús Forján Cortiñas, achegando así mesmo recibo do IBI urbana de 2015 da edificación obxecto das obras.

Terceiro. En data 7 de decembro de 2015 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús emite conformidade coa documentación presentada coma completa e hábil para a tramitación do expediente, sen prexuízo de posterior comprobación que certifique o axuste da intervención á comunicación presentada e á normativa urbanística de aplicación.

Cuarto. En data 10 de decembro de 2015 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa a comunicación previa presentada

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro. Artigo 195.4 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia en canto á suxeción ao réxime de comunicación previa dos actos de uso do solo e do subsolo non sometidos a licenza municipal.

Segundo. O procedemento para a presentación das comunicacións previas e o seu contido necesario veñen determinados no parágrafo 5 do artigo 194 da LOUG:

– Descrición suficiente das características do acto de que se trate: Referidas no apartado sexto do formulario de comunicación previa, na memoria achegada coa solicitude inicial e na conformidade dos servizos técnicos municipais. Colocación de tella cerámica curva nunha superficie de 52 m² asentada sobre pranchas de fibrocemento existentes e reconstrución da cuberta dun soportal existente mediante pranchas de fibrocemento e tella curva nunha superficie de 24 m².

– Xustificante de pago dos tributos municipais: neste senso, o Concello non conta nestes momentos cun sistema de autoliquidación tributaria implantado que permita que polo declarante se proceda a determinar o importe dos tributos a satisfacer e deste xeito o habilite para proceder ao pago e contar con tal resguardo. Co sistema actual, e ata unha futura introdución do sistema de autoliquidación tributaria municipal, resulta suficiente conforme o criterio do informante con que o solicitante achegue os datos e elementos de xuízo que resulten necesarios para que pola administración se poida proceder a liquidar o tributo correspondente. Unha vez notificada a devandita liquidación, o declarante deberá proceder ao pago e conservar o resguardo do pagamento, tal e coma se refire na propia comunicación previa. De non procederse ao pago, a comunicación presentada resultará inexacta, o que terá coma consecuencia a declaración de ineficacia da mesma, procedendo a paralización das obras ou ben a imposición dunha sanción, con independencia de que se proceda así mesmo a adotar as medidas de constriximento para o pago da débeda tributaria que resulten de aplicación.

– De ser o caso, proxecto técnico esixible legalmente e declaración do/a técnico/a ou os/as técnicos/as que autoricen o proxecto de que éste cumpre en todos os seus termos coa ordenación urbanística de aplicación: Non procede.

– Copia das restantes autorizacións e, de ser o caso, concesións administrativas cando sexan legalmente esixibles ao solicitante, ou acreditación de terse solicitado o seu outorgamento. Non proceden, vista a conformidade técnica municipal.

– Documento de avaliación ambiental, en caso de requirila o uso a que vaian destinadas as obras: Non procede.

– Copia da autorización ou ditame ambiental, así coma das restantes autorizacións, concesións ou informes sectoriais cando sexan legalmente esixibles: Non procede o ditame ambiental.

Visto o que antecede, estimamos que a documentación presentada cumpre co establecido no artigo 194.5 da LOUG.

A cualificación urbanística da parcela obxecto da solicitude, de acordo co informado polo técnico municipal, é a de SOLO NON URBANIZABLE NON PROTEXIDO DE NÚCLEOS RURAIS DE POBOACIÓN (NN), conforme o PXOM do Concello de padrón, coa consideración de solo de núcleo rural de acordo co réxime transitorio establecido pola LOUG, e o uso solicitado resulta compatible co planeamento e a LOUG, sen prexuízo do cumprimento das condicións de edificación e demais normativa urbanística aplicable, das que a declarante refire baixo a súa responsabilidade o seu cumprimento e que será obxecto de verificación coa visita de comprobación.

Terceiro. De acordo así mesmo co establecido no artigo 194.5 da LOUG, a comunicación previa presentárase cunha antelación de quince días hábiles ao inicio das obras. A presentación constitúe título hábil para o inicio das obras no prazo indicado, sen prexuízo dunha posterior comprobación por parte do Concello.

Este mesmo prazo de quince días é o que se lle outorga ao Concello para, sen prexuízo dunha posterior comprobación e inspección, declarar completa a documentación presentada ou ben requerir a emenda das



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@concellodepadron.es

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

deficiencias que presente a mesma.

Polo tanto, e visto o conforme dos servizos técnicos municipais e o informe xurídico municipal e os argumentos neste recollidos que son asumidos por esta resolución como motivación, en base ao artigo 89.5. da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réximen xurídico e do procedemento administrativo común (LRXPAC), estimamos que procede, dado que non se considera a necesidade de subsanación algunha nin emenda de ningunha deficiencia, declarar completa a documentación e tomar coñecemento da comunicación previa efectuada.

Cuarto. Considerando coma órgano competente para o outorgamento das licenzas de obras, e polo tanto para tomar coñecemento da comunicación previa que substitúe ás mesmas a Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

